

25-V-1980 - LA REGIÓN

# Ainda non hai acordo pra constituir a Asociación de Escritores en Lingoa Galega

## ONTE HOUBO UNHA REUNION EN SANTIAGO

SANTIAGO.— (De nuestro corresponsal).

Tres horas de un debate que por veces rozou a reiteración e o bizantinismo foron onte insuficientes pra pñer de acordo aos escritores galegos sobre a asociación que pretenden constituir. Nin as finalidades da futura corporación profesional, nin a composición dos seus órganos directivos, nin —aínda— o concepto de escritor en lingoa galega, quedaron establecidos nídamente por la trintena aproximada de persoas que se reunirán con esta aparente intención no Museo do Pobo Galego.


Un anteproxecto de estatutos, leído por Camilo Valdeorras —promotor visible da asociación—, xunto

con Martínez Oca e Alfonso Pexegueiro— serviu de fio conductor a un coloquio no que se revelarán as moi distintas concepcións que do oficio tiñan os reunidos. En canto un informal grupo no que se podería incluír ao poeta Reixa i o dramaturgo Vidal Bolaño pretendía extender a cualificación de escritor aos firmantes de artigos periodísticos, outro sector —Ferrín e Valdeorras— esencialmente— propuxo o libro, publicado ou non, como liña divisoria. Casares introduciría novas matizacións ao solicitar algún tipo de control asociativo, pra xenta que, aínda escribindo en galego, degradara notoriamente a dignidade literaria do noso idioma ou “escribíse en contra de algo no que todos nos creamos”. A lingoa non foi con todo, o punto de maior diverxencia: de feito, houbo coincidencia xeral en asumir o texto do anteproxecto que obriga aos membros da asociación a “defender e manter o dereito a oficialidade do galego”.

Outra cousa sería o problema da composición e competencias que ha ter a xunta directiva de corporación. Oas dúas posturas básicas polarizaronse —unha vez que se recoñeceu o carácter soberano da asamblea— do carácter colexial ou presidencialista do órgano executivo, e, secundariamente, nas incompatibilidades dos seus membros. Alguns líderes políticos que asistían a reunión —Camilo Nogueira, Méndez Ferrín e Avelino Pousa— expresaron a súa protesta polo veto que o anteproxecto de Estatuto pon, neste aspecto, aos dirixentes de partidos.

Diante da imposibilidade de atopar un vieiro de conciliación as distintas posturas, Valdeorras, e os seus compañeiros na xestión, acordaron redactar un novo anteproyecto que incorpore as solucións alternativas propostas onte.

Na reunión de onte estiveron presentes, entre outros, Uxío Noveneira, Bernardino Graña, María Xosé Queizán, Carlos Casares, Salvador García Bodaño, Torres Queiruga, Euloxio Ruibal e Alfredo Conde.



puerta:  
no sé,

isieron,  
todo.  
ngan  
a de

puerta...

la

to